



ICEDE Working Paper Series

Innovación e mudanzas recentes na industria conserveira galega

Manuel González López

Nº 16, xaneiro 2016
ICEDE Working Paper Series
ISSN 2254-7487

<http://www.usc.es/icede/papers>

Grupo de investigación Innovación, Cambio Estructural e Desenvolvemento (ICEDE)

Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela
Avda. do Burgo s/n
15782 Santiago de Compostela – A Coruña
Telf. +34 881 811 567
www.usc.es/icede

Innovación e mudanzas recentes na industria conserveira galega

Manuel González López
Profesor Contratado Doutor
Universidade de Santiago de Compostela
manuel.gonzalez.lopez@usc.es

Resumo

Neste artigo analizamos os cambios acontecidos na industria conserveira galega durante os últimos anos. En particular tratamos de responder á pregunta de por que os produtores de conservas de peixe seguiron estratexias competitivas diversas e como responderon a esta diversidade dende o punto de vista da innovación e da incorporación de coñecementos. Os nosos resultados indican que a dinámica xeral e global da cadea de valor alimentaria determinou a evolución desta industria. Algunhas (poucas) empresas optaron por seguir o paradigma convencional, converténdose en grandes empresas multinacionais, deslocalizando parte da súa produción e asinando acordos exclusivos cos grandes distribuidores para producir baixo marcas brancas. Outras empresas non tiveron a posibilidade, ou non apostaron por seguir este camiño senón vías alternativas. Mentres algúns non mudaron a súa estratexia e seguen a producir como sempre fixeron, outros apostaron por nichos de mercado altamente especializados, baseando a súa estratexia competitiva na calidade e na diferenciación. Por outra banda, as estratexias competitivas anteriores viñeron da man de diferentes enfoques para a innovar e incorporar coñecementos. O primeiro deses enfoques é o conservador, onde a innovación é vista como un risco e polo tanto manter as rutinas é a opción escollida. O segundo, seguido no noso caso pola empresa multinacional, pode definirse como "dominado polos grandes distribuidores", xa que o acordo de exclusividade entre fabricante e distribuidor condiciona cada vez máis as actividades de innovación do primeiro. A terceira estratexia de innovación definímola como "orientada ao territorio" e céntrase na innovación de produto e na incorporación de distincións de calidade asociadas ao territorio de orixe. Por último, temos unha estratexia de innovación "orientada á natureza", onde a innovación se centra en gran medida en atender os requirimentos normativos da produción ecolóxica así como en seguir ás indicacións dos distribuidores especializados en produtos ecolóxicos.

Palabras clave

Innovación, industria conserveira, traxectorias.

Clasificación JEL: L21, L66, O14, O31, Q55

1. Introducción

A industria conserveira constitúe un dos primeiros exemplos de produción fabril de alimentos e é tamén un dos piares do modesto proceso de industrialización vivido en Galicia a finais do século XIX. En tempos recentes, como moitas outras industrias tradicionais en Europa, a industria de conservas de peixe veuse afectada por procesos de deslocalización cara países en vías de desenvolvemento. Con todo, nalgunhas rexións europeas como é o noso caso, aínda amosa un peso importante na economía e tamén é unha das poucas industrias que está resistindo razoablemente ben a crise económica iniciada en 2008. Segundo os datos facilitados pola Asociación Nacional de Productores de Conservas de peixe (ANFACO), en 2012 a industria conserveira galega estaba formada por 65 empresas que empregaban a 11.950 persoas e rexistrou unha facturación en torno a 1.250 millóns de euros. A pesar da súa importancia na economía galega, o sector sufriu un profundo proceso de reestruturación nas últimas décadas e o número de empresas caeu de forma abrupta, véndose na obriga as superviventes de mudar a súa estratexia competitiva (Carmona e Fernández, 2001). Desde os anos 90, o sector mostra unha forte concentración da produción e unha composición interna moi heteroxénea. Por unha banda, hai un pequeno grupo de grandes empresas que iniciaron unha estratexia de internacionalización, tanto en termos de venda como de produción, polo que algunhas se converteron xa en empresas multinacionais líderes a nivel mundial. Xunto con este pequeno grupo de empresas, un segundo grupo de pequenas e medianas empresas sobreviviu seguindo estratexias diferentes. Algunhas delas apostaron pola diferenciación, en particular pola produción artesanal e as especies de alta calidade, mentres outras tentaban sobrevivir por medio da colaboración con grandes empresas ou conservando as súas redes de clientes tradicionais.

Este traballo ten como obxectivo discutir os profundos cambios que tiveron lugar na industria conserveira galega nos últimos anos. En particular, trataremos de responder á pregunta de por que os produtores de conservas de peixe seguiron camiños diferentes e que estratexias de innovación aplicaron na traxectoria competitiva seguida. Baseamos a nosa investigación nos desenvolvementos teóricos propios da economía da innovación e en concreto da escola evolucionista, así como en diversas achegas dende a disciplina da xeografía económica relacional. A seguinte sección vai dedicada xustamente a discutir estas achegas. Os apartados seguintes, 3 e 4, servirán para presentar os principais resultados do noso traballo empírico, onde analizamos en profundidade o caso de catro empresas representativas da industria de conservas de peixe de Galicia. Finalmente incluímos un apartado de conclusións no que resumimos as achegas máis relevantes deste traballo de investigación.

2. Cambio e innovación na industria de alimentos: estratexias da empresa incorporada

2.1. A teoría da evolución das empresas: rutinas e cambios

Nelson e Winter (1982) estableceron as bases da teoría Evolucionista da empresa no seu libro *Unha teoría evolucionista do cambio económico*. A teoría evolucionista da empresa baséase na idea de que as empresas non poden ser consideradas como unidades homoxéneas, xa que difiren unhas das outras na súa organización interna, base de coñecemento, habilidades e tamén cando se trata das estratexias para afrontar cambios.

Un importante concepto da teoría da evolución das empresas é o de "rutinas". As rutinas e os costumes explican unha boa parte do comportamento das empresas xa que facilitan a toma de decisións, crean estabilidade e fan máis doado o intercambio de coñecementos e información. Como apunta Nelson (1994), unha empresa pode ser entendida en termos dunha xerarquía de rutinas organizativas e prácticas. Cohen et al. (1996, 683) definen ás rutinas como "unha actuación repetida e que foi aprendida por unha organización en resposta á presión de selección". As rutinas das empresas están, con todo, suxeitas a continuas presións para mudar, debido tanto a forzas internas como externas. O propio proceso de innovación implica, ao fin ao cabo, a quebra ou cambio das rutinas existentes, se entendemos á innovación en termos Schumpeteriáns como un proceso de "destrución creativa".

Polo tanto as empresas baséanse normalmente en rutinas que lles dan unha base de estabilidade, pero, á vez, as empresas mudan as súas rutinas cando innovan. Isto lévanos a un segundo concepto clave da teoría evolucionista da empresa que é a "dependencia do camiño seguido" (path-dependency). As empresas evolucionan seguindo un camiño determinado polas rutinas do pasado, as prácticas e os coñecementos adquiridos e que teñen que adaptarse a novos contextos e realidades. En consecuencia, a historia importa e as empresas toman as decisións segundo unha traxectoria establecida de acumulación de coñecemento, marcada polas propias decisións anteriores. A dirección desas mudanzas e traxectorias non é facilmente previsible pois a incerteza, ao contrario da información perfecta, é a que domina nesta perspectiva (Dosi et al, 1988). Isto constitúe xustamente unha gran diferenza entre a escola Evolucionista e a escola Neoclásica. De feito, a "racionalidade limitada" pode ser considerada como outro concepto central para os evolucionistas, xa que entenden que os axentes económicos non poden saber con exactitude os resultados das súas accións. Polo tanto, non hai opcións ou resultados óptimos no paradigma evolutivo, senón traxectorias moldeadas por información incompleta, por decisións anteriores e polas circunstancias actuais.

Por outra banda, as empresas difiren nas súas estratexias de innovación para afrontar os cambios nos mercados (Schamp, 2005). Existe unha ampla literatura sobre as diferentes estratexias innovadoras das empresas, tanto a nivel individual como sectorial. Como ten apuntado Freeman (1974), mentres que algunhas empresas seguen estratexias tradicionais, dependentes ou imitativas e raramente se implican

en actividades de I+D, outras presentan un comportamento máis activo en materia de innovación (estratexias defensivas ou ofensivas). A nivel sectorial, a taxonomía ben coñecida de Pavitt (1984) identifica diferentes patróns sectoriais de innovación. Mentres algunhas empresas, como as pertencentes a industrias primarias ou tradicionais, se caracterizan por estar “dominadas polos provedores” dende o punto de vista da tecnoloxía, outras son máis propensas a desenvolver actividades innovadoras (sectores “baseados na ciencia” ou sectores de “provedores especializados”). Podemos polo tanto dicir que a resposta ao cambio tecnolóxico varía segundo o tipo de empresas e sectores.

Finalmente, cada empresa ten a súa propia base de coñecemento, algo ao que Nelson e Winter (1982) se refiren como “coñecemento de produción”. Os autores fan especial énfase no coñecemento tácito, aqueles recursos e know-how gardados en forma de rutinas nas empresas. Aínda que algunhas empresas posúen unha base de coñecemento científico forte, como as pertencentes a sectores intensivos en investigación tales como o sector farmacéutico ou o de produtos químicos, todas elas posúen tamén unha base de coñecemento tácito, entendida como coñecemento que non pode ser facilmente codificado ou estandarizado.

É xustamente a importancia dada ao coñecemento tácito ou implícito o que une a teoría da evolución da empresa con outra corrente teórica importante. Así, o coñecemento tácito é xeralmente un coñecemento específico e propio dun contexto determinado e, polo tanto, moi ligado a unha realidade xeográfica, cultural e institucional concreta (Grabher, 1993). Esta consideración liga estreitamente á escola Evolutiva da Economía con algunhas contribucións contemporáneas da disciplina da Xeografía Económica, tamén chamadas Xeografía Económica Relacional¹. Así, Hayter e Patchell (2011), seguindo as contribucións anteriores feitas por Storper (1997), indican que a distribución espacial das actividades económicas debe ser entendida nun contexto de interacción entre institucións, mercados e tecnoloxía que ten lugar nun tempo e nun espazo determinado. O contexto no que esta interacción ocorre caracterízase por tres principios que son facilmente conectados á Economía Evolucionista: inserción, diferenciación e evolución. Cando falamos de inserción, referímonos á inseparabilidade entre factores económicos e non económicos, no referido ás actividades produtivas. Evolución significa que os procesos de mercado son, fundamentalmente, de transformación, e que as economías de mercado cambian ao longo do tempo en relación á localización, natureza e organización das actividades económicas. Por último, a diferenciación refírese a natureza única dos lugares e espazos onde a interacción entre os mercados, as institucións e a tecnoloxía ocorre (Hayter e Patchell 2011, XVI). Como veremos na seguinte sección, os cambios na industria de alimentos foron analizados baixo esa perspectiva por distintos autores.

¹Para unha revisión, ver Martin, (1999) ou Scott, (2000).

2.2. Os cambios na cadea de valor alimentaria: natureza, territorio e calidade

Segundo Malassis (1977), dous grandes procesos determinaron a evolución da industria da alimentación en tempos contemporáneos. O primeiro refírese á crecente industrialización da cadea agroalimentaria, e o segundo refírese a unha cada vez maior capitalización, concentración e internacionalización da mesma. A industrialización supuxo unha transformación estrutural do sector alimentario que se manifestou no descenso relativo do valor engadido das actividades agrarias (e un aumento correlativo do valor engadido doutras etapas, como procesamento, distribución, etc). Ademais, tal proceso de industrialización estivo asociado a unha xeneralización dos procesos industriais ao longo da cadea de valor. Respecto ao segundo, Malassis indica que a entrada de formas capitalistas no sector agroalimentario levou ao xurdimento de grupos industriais xigantes tanto na etapa de procesado como na da distribución, que operan a escala internacional. Neste sentido, segundo o autor o mercado agroalimentario sería un bo exemplo de mercado oligopolista, baseado na competencia monopolística entre uns poucos grandes grupos.

Os cambios apuntados por Malassis nos anos 70 seguramente se agudizaron durante as dúas últimas décadas debido en particular á aceleración do proceso de globalización que se produciu desde aquela. Así, a nova cadea agroalimentaria descrita por Malassis hai perto de 40 anos é hoxendía coñecida como o "modelo convencional de agricultura e produción de alimentos" (Morgan e Murdoch, 2000). O carácter oligopólico do sector da alimentación maniféstase agora no dominio duns poucos grandes distribuidores cun forte poder á hora de fixar os prezos dos alimentos (ao longo de toda a cadea alimentaria). Por contra, un gran número de agricultores e produtores primarios actuarían como "prezo-aceptantes" (Morgan et al, 2006). Mesmo os grandes grupos industriais xurdidos durante o século XX terían perdido o seu papel hexemónico na cadea de valor a favor das grandes cadeas de distribución (Wilkinson, 2002). Nesta liña, Burch e Lawrence (2005) consideran que o dominio dos grandes grupos de distribución que comercializan produtos de marca propia (marca branca) está dando lugar a un "terceiro réxime" de produción de alimentos, onde as empresas de alimentos actuaría só como fabricantes ou subcontratas flexibles producindo para os grandes cadeas que dominan un mercado altamente segmentado. Como apuntan estes autores "Semella claro que o actual sistema de produción de alimentos dominado polos grandes distribuidores ten un perfil diferente e segue unha traxectoria distinta á dos dous réximes anteriores nos que o poder repousaba primeiro, no lobby agrícola e, máis tarde, nas grandes marcas da industria alimentaria" (Burch e Lawrence, 2005, 14).

Desde unha perspectiva diferente, Morgan e Murdoch (2000) discutiron o papel da produción e distribución de coñecemento para explicar a diversidade das cadeas de subministración alimentaria. Céntranse, en particular, nas diferenzas entre dúas cadeas alimentarias: a cadea agroalimentaria convencional e a cadea orgánica, argumentando que o xeito no que o coñecemento se distribúe ao longo de cada unha das cadeas é distinto ao igual que o tipo de coñecementos empregados. Segundo os

autores a aparición da cadea convencional fixo que o coñecemento local (tradicional) dos agricultores fora desprazado polo coñecemento estandarizado procedente das industrias subministradoras (producíndose unha crecente mecanización, uso de produtos químicos como fertilizantes, etc). O anterior tamén implicou unha perda de poder na cadea de produción por parte dos agricultores, de tal forma que se converteron no elo máis feble da cadea alimentaria. Na cadea de alimentos orgánicos sen embargo, precísanse prácticas e coñecementos moi diferentes aos do sistema convencional e, en certa medida, os agricultores necesitan recuperar as vellas formas de coñecemento local/tradicional, moito máis acorde ao mantemento dos ecosistemas. Como afirman os propios autores, os agricultores da cadea de alimentos orgánicos poden volver a ser "axentes de coñecemento".

Por último, os cambios acontecidos na cadea de valor alimentario tiveron consecuencias tamén sobre a xeografía do sistema de produción agroalimentaria. Unha desas consecuencias importantes refírese á "desterritorialización" do sistema alimentario debido ao crecente control de empresas que traballan nunha escala internacional e, polo tanto, impoñen unha lóxica global (Morgan et al 2006). Con todo, as tendencias xerais anteriores non significan que paradigmas alternativos ou traxectorias diferentes non tiveran xurdido en todo ese tempo. Como tamén apunta Morgan et al (2006), o proceso de globalización seguido polo sector da alimentación vén limitado por dous factores que determinan a xeografía dos alimentos e que están ligados aos territorios, estes factores son a "natureza" por unha banda e a "cultura" pola outra. Referíndonos ao primeiro destes factores, se ben é certo que as limitacións naturais da produción de alimentos, é dicir, a súa estacionalidade, foi superada pola lóxica da industrialización (novos métodos de conservación e tecnoloxías de cultivo) e polas forzas da globalización (diminución dos custos de transporte, liberalización do comercio, etc.), isto non deu substituído completamente o "vello" papel da natureza na produción de alimentos. Aí, existe unha lóxica ben consolidada que asocia a calidade dos alimentos coas prácticas non industriais ou naturais e que por tanto premian o respecto á estacionalidade na produción. Algo semellante acontece cando se trata da cultura, xa que as culturas locais de produción e consumo cobraron un forte valor nos últimos anos como alternativa á estandarización dos produtos e dos sabores. A aparición das "denominacións de orixe" e outras fenómenos semellantes son un bo exemplo diso. Polo tanto, cando se trata de cambios na xeografía dos sistemas alimentarios estamos diante dun proceso dialéctico entre forzas de "desterritorialización" e forzas de "territorialización". Así, e a pesar do dominio do modelo convencional, non hai só un paradigma que explique a configuración da industria alimentaria, senón diversos estándares que varían segundo a interacción entre as institucións, os territorios e as tecnoloxías.

Nos seguintes parágrafos veremos como todos estes factores que acabamos de apuntar e que afectan ao sistema alimentario no seu conxunto, están ben presentes no caso da industria conserveira galega e, polo tanto, axudarannos a entender as mudanzas ocorridas nese sector nas últimas décadas. A continuación presentaremos os principais trazos da industria de conserva de peixe de Galicia así como os casos analizados durante a nosa investigación.

3. A industria da conserva galega diante dos cambios globais e institucionais

3.1. O sector galego de conservas de peixe: unha breve aproximación á súa historia e evolución recente

A industria de conservas de peixe é o sector máis representativo do modesto proceso de industrialización vivido en Galicia entre o final do século XIX e o inicio do século XX. As súas raíces pódense atopar nas fábricas tradicionais de salgado de peixe, situadas ao longo da costa galega. As primeiras empresas de conservas de peixe foron creadas na primeira metade do século XIX, aínda que o seu crecemento non é relevante ata finais dese século. Grazas aos recursos naturais próximos, ás melloras nas infraestruturas de comunicación en España, ás políticas comerciais favorables así como á difusión de tecnoloxía francesa, o sector foi capaz de desenvolverse rapidamente converténdose nunha das principais industrias exportadoras en España durante o primeiro cuarto do século XX.

Segundo Carmona (1994), a 1ª Guerra Mundial foi un factor importante que explica o éxito da industria galega posto que se veu moi favorecida pola posición neutral de España. Os beneficios obtidos durante este período foron utilizados por algunhas empresas para mercar novos buques e plantas e para diversificar a produción en novas especies diferentes das sardiñas. E o máis importante de todo, a industria de conservas de peixe foi quen de integrarse cara atrás e cara adiante, creándose en Galicia un importante polo de desenvolvemento ou mesmo un distrito industrial, situado ao longo da costa de Galicia sur e especialmente na área de Vigo. Diversos avances tecnolóxicos teñen lugar durante este período particularmente relacionados coa mecanización de conservas e o procesamento de peixe. Aínda así, neste tempo o sector estaba composto maioritariamente por empresas familiares de pequeno ou mediano tamaño e soamente algunhas delas acadaron un perfil máis profesional a fins dos anos 20.

A explosión da Guerra Civil Española en 1936 é outro fito importante para o desenvolvemento desta industria. Así, unha vez que a economía de guerra termina establécese un réxime de autarquía e forte intervención económica que paradoxalmente dá lugar a un novo período de crecemento para o sector, agora dirixido enteiramente a atender o mercado español. Desta forma, en 1950 cóntanse até 180 empresas de conservas de peixe de Galicia (Carmona e Fernández, 2001). Con todo, segundo os autores anteriores, esta aparente boa saúde do sector agochaba en realidade fortes problemas estruturais. A forte protección comercial permitira que as empresas non eficientes mantiveran a súa actividade artificialmente xa que eran as decisións administrativas (cotas de produción) e non as decisións de mercado as que determinaban o éxito das empresas. Mentres tanto, noutros países o sector experimentaba un rápido crecemento debido aos fortes investimentos e avances tecnolóxicos, o que fixeron do sector galego e español unha industria atrasada para os estándares internacionais.

A anterior é a principal razón pola que o sector sofre un proceso de profunda reestruturación cando a economía española se abre á competencia internacional, a comezos dos anos 60. O número de empresas diminúe drasticamente dende 160 en 1965 a 80 en 1985 (Carmona e Fernández, 2001). A

maioría das empresas simplemente pecharon ou foron adquiridas por empresas máis grandes. Con todo, co avance do proceso de globalización o sector continua a súa reestruturación de tal xeito que ao final da década de 90 amosa xa unha forte concentración de produción e unha dobre faciana. Por unha banda, houbo un pequeno grupo de grandes empresas que seguiron unha estratexia de integración vertical, comprando ou participando flotas de altura. Isto permitiulles especializarse na conservas de atún, actualmente a principal especie procesada a nivel mundial. O procesamento do atún era máis fácil de mecanizar e esa foi a orixe de importantes ganancias de produtividade. Por outra banda, estas empresas comezaron tamén unha estratexia de internacionalización, tanto en termos de comercio como de produción, polo que algunhas delas se converteron en grandes multinacionais líderes a nivel global. Xunto con este pequeno grupo de empresas, un segundo grupo de PEMES sobrevivira seguindo estratexias diversas. Algunhas delas baseándose na diferenciación do produto, con especial atención á transformación artesanal e ás especies locais de tempada e alta calidade. Outras, segundo Carmona e Fernández (2001), tentaron sobrevivir a través de colaboración con grandes empresas ou conservando as súas redes de clientes tradicionais.

3.2. O sector hoxe en día: algúns datos

Como xa avanzamos máis arriba, segundo os datos facilitados pola Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas (ANFACO), en 2012 a industria conserveira galega estaba formada por 65 empresas que empregaban ao redor de 11.950 persoas. A industria procesou nese ano case 300.000 toneladas, acadando un valor económico superior aos 1.250 millóns de euros, o que representaba o 84,4% da produción española. Máis dun 40% desa produción era exportada, sobre todo a outros países europeos. O atún claro é o produto máis importante, representando á volta do 64% do volume total procesado e do 50% da facturación en 2012. O segundo produto máis importante é a sardiña, en calquera caso, moi lonxe do atún, cun peso en torno ao 7,8% no volume procesado e do 6.4% en termos económicos. Outras especies importantes foron os mexillóns (4,1% do volume e 7,5% do valor total), e os berberechos (1,4% do volume e 5.9% do valor). Como se pode observar nos números anteriores, as especies de moluscos como mexillóns e berberechos procedentes na súa maioría das rías galegas, presentan xeralmente un maior valor engadido que outras especies.

Os números facilitados por ARDAN, unha fonte de datos estatísticos especializada na estrutura económica e financeira das empresas, permítennos coñecer a estrutura interna do sector. Así, a industria estaba dominada por PEMES, de tal xeito que representaban en 2008 o 71% do total de empresas (38 empresas con un volume de negocio entre 2 e 60 M €). Só cinco empresas poderían ser consideradas grandes empresas, entendidas como aquelas cun volume de negocio superior aos 60 millóns de euros. Por último, un pequeno grupo de 10 micro-empresas rexistraba un volume de negocio inferior a 2 millóns de €. Con todo, cando analizamos o peso económico dos distintos grupos, podemos facilmente ver o forte predominio de grandes empresas. Así, as cinco maiores empresas rexistraban o 63% do volume de

negocio total da industria, sendo o 35,3% o peso das PEMES e só o 0,9% o das micro-empresas. A produción do sector está, polo tanto, fortemente concentrada nun pequeno número de empresas, a maioría delas xa multinacionais con presenza en diferentes países do mundo.

Táboa 1. O sector galego conservas de peixe en 2008. Configuración interna

| | Número | % Empresas | % Volume de Negocios |
|----------------|--------|------------|----------------------|
| Grande | 5 | 9,4% | 63,8% |
| Medio | 14 | 26,4% | 27,8% |
| Pequeno | 24 | 45,3% | 7,5% |
| Micro | 10 | 18,9% | 0,9% |
| Total | 53 | 100,0% | 100,0% |

Fonte: Elaboración propia en base a datos proporcionados por ARDAN

3.3. A investigación empírica: Catro casos e catro estratexias para sobrevivir

O noso traballo empírico ten como obxectivo comprender os cambios que afectan á industria da conserva galega nos últimos anos, así como as diversas estratexias seguidas polas empresas do sector. En particular concentrámonos no caso de catro empresas que foron previamente seleccionadas, asumindo que representaban diferentes paradigmas do sector. Esta pre- selección estableceuse partindo das ideas apuntadas por Carmona e Fernández (2001) presentadas anteriormente, e tamén con base nas informacións obtidas a partir de distintas fontes a que nos referimos nos parágrafos seguintes.

A investigación foi realizada do seguinte xeito. Primeiro compilamos información diversa sobre a industria, en particular botando man de varios números da revista periódica Industria Conservera, que publica ANFACO. Máis tarde puxémonos en contacto co centro tecnolóxico desta asociación (ANFACO-CECOPESCA), un dos centros tecnolóxicos máis antigos de España, creado en 1949, onde entrevistamos ao responsable do departamento de transferencia de tecnoloxía. Durante a entrevista, non só abordamos aspectos relacionados coa innovación e o cambio tecnolóxico senón outros aspectos máis amplos relacionados coa evolución da industria os últimos tempos así como a súa estrutura actual.

Tomando como base as informacións obtidas nas publicacións e durante esta primeira entrevista, identificáronse catro tipos de empresas que, en termos xerais, poderíamos dicir que son representativos das distintas estratexias seguidas pola industria. Seleccionáronse catro empresas “tipo”, que analizamos nos seguintes parágrafos, grazas á información obtida das entrevistas que realizamos aos responsables de cada unha delas na última etapa do noso traballo de campo. As entrevistas foron semi-estruturadas, xa que utilizou un cuestionario para tratar aspectos relacionados coa estratexia competitiva e de innovación de cada empresa. Todas as entrevistas, incluíndo a que tivo lugar con ANFACO-CECOPESCA, foron realizadas durante o mes de xullo de 2012.

Empresa A. Empresa tradicional

A primeira empresa é unha empresa de tamaño medio que empregara unha media anual de 40 persoas durante os tres exercicios anteriores e rexistrou un volume de negocio próximo aos 7 millóns de € en 2010. As vendas da empresa están enfocados só ao mercado español. A empresa foi creada a finais da década de 60 a partires da tradición familiar de cultivo de mexillóns, polo que inicialmente se dedicaba só á conserva deste produto aínda que moi pronto comezaron a procesar outras especies de moluscos como ameixas e berberechos. Hoxe en día procesan unha ampla gama de produtos ademais do marisco, e o atún converteuse no seu principal produto (50% das vendas). A estratexia competitiva da compañía A non sufriu cambios significativos nos últimos anos. Compran o peixe nos mercados locais (en particular o marisco) e ás grandes flotas pesqueiras (o atún), algunhas desas flotas pertencen por certo a outras grandes empresas de conservas. Venden os seus produtos sobre todo a intermediarios que serven a pequenas tendas e supermercados. Non compiten en prezo e a calidade do seu produto pode ser considerada media, xa que o seu cliente final é un consumidor medio.

Empresa B. Grande empresa multinacional

